



Circular 3/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a avaliación do alumnado que cursa os estudos de Grao en Deseño e en Conservación e Restauración de Bens Culturais.

A Orde do 30 de setembro de 2010 (DOG do 8 de outubro) establece o plan de estudos das ensinanzas superiores de Grao en Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Orde do 30 de setembro de 2010 (DOG do 11 de outubro) establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais na Comunidade Autónoma de Galicia.

Publicada a Circular 8/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións sobre determinados aspectos académicos derivados da implantación do primeiro curso das ensinanzas de Grao en Deseño e Grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais, cómpre agora ditar instrucións sobre a avaliación e a cualificación académica do alumnado que cursa ditas ensinanzas.

As presentes instrucións serán de aplicación nas Escolas de Arte e Superiores de Deseño, na Escola de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia e nos centros autorizados de artes plásticas e deseño que impartan ensinanzas de grao na Comunidade Autónoma de Galicia.

1.- ESTUDOS DE GRAO EN DESEÑO

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO DOS ESTUDOS DE GRAO EN DESEÑO.

A avaliación e cualificación do alumnado dos estudos de Grao en Deseño levarase a cabo conforme ao disposto no artigo 9 do Real Decreto 633/2010, do 14 de maio, e expresarase segundo o sistema de cualificacións establecido polo artigo 5 do Real Decreto 1614/2009, do 26 de outubro, de tal xeito que á cualificación numérica resultante da avaliación do alumno, engadiráselle a porcentaxe de distribución desta cualificación sobre o total de alumnos que teñan cursado a materia correspondente en cada curso académico, debendo figurar estes datos tanto nas actas de avaliación como no expediente do/a alumno/a.

Asemade, á cualificación cuantitativa, expresada cun decimal, engadirase a cualificación cualitativa segundo as equivalencias contempladas no artigo 5 do citado Real Decreto 1614/2009.



O alumnado dos estudos de Grao en Deseño disporá, ao longo do curso 2010-11, de dúas convocatorias para a superación de cada unha das materias que integran o plan de estudos do 1º curso: convocatoria ordinaria e convocatoria extraordinaria.

1.1.- Convocatoria ordinaria.

Nesta convocatoria avaliarase e cualificarase o rendemento académico do alumnado ao longo de todo o curso académico, segundo os criterios xa expostos, e suporá a asistencia regular do alumnado ás actividades formativas programadas.

A sesión de avaliación e cualificación correspondente á convocatoria ordinaria será convocada polo coordinador/a dos estudos de Grao en Deseño de cada especialidade e levarase a cabo o 6 de xuño de 2011, logo do remate, o 3 de xuño, das actividades formativas periódicas programadas.

As cualificacións da convocatoria ordinaria faranse públicas, por parte do coordinador da especialidade que corresponda, o mesmo día 6 de xuño.

1.2.- Convocatoria extraordinaria.

Nesta convocatoria o rendemento académico do alumnado será avaliado e cualificado a través da realización dunha proba que evidencie a posesión por parte do alumnado dos coñecementos, habilidades e destrezas recollidas como mínimas na programación de aula correspondente a cada materia.

A estrutura desta proba, na que non será admitido a valoración ningún traballo realizado polo alumnado fóra da mesma, a súa duración, xunto coa programación de aula correspondente será pública e estará a disposición do alumnado, polo menos un mes antes da súa celebración.

A proba extraordinaria de avaliación de todas as materias levarase a cabo desde o día 27 de xuño ate o día 1 de xullo de 2011, ambos incluídos, segundo o calendario e horario que a xefatura de estudos, coa supervisión da dirección fará pública polo menos un mes antes do seu comezo.

A cualificación desta proba levarase a cabo e farase pública o día 4 de xullo de 2011.

1.3.- Avaliacións e cualificacións parciais.

As EEASSD, ao abeiro da autonomía pedagóxica que se lles recoñece nos artigos 2.3 e 9 do Real Decreto 633/2010, do 14 de maio, poderán establecer avaliacións parciais nas materias do 1º curso dos estudos de Grao en Deseño. Neste caso, a avaliación parcial estará contemplada na programación de aula da materia, e acordada polo equipo docente da especialidade dos estudos de Grao en Deseño que corresponda.

A avaliación parcial terá valor informativo para o alumno/a e será levada a cabo polo/a docente que imparta a materia.



1.4.- Recuperación das materias non superadas.

No prazo que media entre a publicación da cualificación final e a realización da proba extraordinaria para cada materia do 1º curso dos estudos de Grao en Deseño, manterase o mesmo horario de clases e actividades académicas para que aqueles/as alumnos/as que non superasen a materia na convocatoria ordinaria poidan realizar tarefas de recuperación ou preparación definidas polo/a docente da materia, e coa presenza na aula do/a mesmo/a, cara á presentación do/a alumno/a á/ás proba/s extraordinaria/s.

1.5.- Reclamación contra das cualificacións finais.

Coa finalidade de garantir o dereito a unha avaliación e cualificación obxectiva do seu rendemento académico, os/as alumnos/as desconformes coa cualificación recibida na avaliación final dunha materia, poderán reclamar en contra da mesma, en escrito dirixido á dirección da EASD, cando consideren que se teña producido inadecuación dos obxectivos, dos contidos ou do nivel dos mesmos na materia sometida a avaliación, ou da proba realizada, que os criterios de avaliación foran incorrectamente aplicados, ou se teñan producido irregularidades administrativas que determinen falta de obxectividade do proceso de avaliación e cualificación.

Dita reclamación será presentada polo/a alumno/a nos dous días hábiles seguintes ao da publicación da cualificación obxecto de reclamación.

A dirección da EASD resolverá sobre a mesma no prazo de catro días hábiles contados a partires do seguinte ao da recepción da mesma e oído o equipo docente da especialidade. Neste prazo inclúese a data de comunicación ao/á alumno/a da resolución que corresponda.

No caso de que o informe do equipo docente determine a modificación da cualificación do/a alumno/a, e este/a non manifestase a súa desconformidade, a dirección da EASD ordenará a rectificación de dita cualificación na acta de avaliación e en cantos documentos académicos fose preciso.

Unha vez comunicada ao/á alumno/a a resolución da dirección en relación á súa reclamación, este/a disporá dun día, contado a partir do día da entrega da dita resolución, para comunicarlle á dirección da EASD a súa desconformidade coa mesma, en cuxo caso, a dirección da EASD remitirá de xeito inmediato, á Xefatura Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria correspondente, todo o expediente relativo á reclamación, con cantas probas, informes e documentación teñen relación coa mesma.

A xefatura territorial previo informe dos servizos de inspección, resolverá o que proceda no prazo de cinco días hábiles.

A resolución da xefatura territorial poñerá fin á vía administrativa sobre a reclamación presentada.



2.- ESTUDOS DE GRAO EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS.

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO DOS ESTUDOS DE GRAO EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS.

A avaliación e cualificación do alumnado dos estudos de Grao en CRBBCC levarase a cabo conforme ao disposto no artigo 9 do Real Decreto 635/2010, do 14 de maio, e expresarase segundo o sistema de cualificacións establecido polo artigo 5 do Real Decreto 1614/2009, do 26 de outubro, de tal xeito que á cualificación numérica resultante da avaliación do alumno, engadiráselle a porcentaxe de distribución desta cualificación sobre o total de alumnos que teñan cursado a materia correspondente en cada curso académico, debendo figurar estes datos tanto nas actas de avaliación como no expediente do/a alumno/a.

Asemade, á cualificación cuantitativa, expresada cun decimal, engadirase a cualificación cualitativa segundo as equivalencias contempladas no artigo 5 do citado Real Decreto 1614/2009.

O alumnado dos estudos de Grao en CRBBCC disporá, ao longo do curso 2010-11, de dúas convocatorias para a superación de cada unha das materias que integran o plan de estudos do 1º curso: convocatoria ordinaria e convocatoria extraordinaria.

2.1.- Convocatoria ordinaria en materias anuais.

Nesta convocatoria avaliarase e cualificarase o rendemento académico do alumnado ao longo de todo o curso académico, segundo os criterios xa expostos, e suporá a asistencia regular do alumno ás actividades formativas programadas.

A sesión de avaliación e cualificación correspondente á convocatoria ordinaria será convocada polo/a coordinador/a dos estudos de Grao en CRBBCC, e levarase a cabo o 6 de xuño de 2011, logo do remate, o 3 de xuño, das actividades formativas periódicas programadas.

As cualificacións da convocatoria ordinaria faranse públicas, por parte do coordinador, o mesmo día 6 de xuño.

2.2.- Convocatoria extraordinaria en materias anuais.

Nesta convocatoria o rendemento académico do alumnado será avaliado e cualificado a través da realización dunha proba que evidencie a posesión por parte do/a alumno/a dos coñecementos, habilidades e destrezas recollidas como mínimas na programación de aula correspondente a cada materia.

A estrutura desta proba, na que non será admitido a valoración ningún traballo realizado polo alumnado fóra da mesma, a súa duración, xunto coa programación de



aula correspondente será pública e estará a disposición do alumnado, polo menos un mes antes da súa celebración.

A proba extraordinaria de avaliación de todas as materias levarase a cabo desde o día 27 de xuño ate o día 1 de xullo de 2011, ambos incluídos, segundo o calendario e horario que a xefatura de estudos, coa supervisión da dirección fará pública polo menos un mes antes do seu comezo.

A cualificación desta proba levarase a cabo e farase pública o día 4 de xullo de 2011.

2.3.- Convocatoria ordinaria en materias cuatrimestrais.

Aplicaranse os mesmos criterios que os sinalados no punto anterior e a sesión da avaliación e cualificación correspondente a convocatoria ordinaria das materias que se desenvolvan no primeiro cuatrimestre será convocada pola xefatura de estudos na semana seguinte ao remate do mesmo.

A sesión da avaliación e cualificación correspondente á convocatoria ordinaria das materias cuatrimestrais que se desenvolvan no segundo cuatrimestre realizarase na mesma data que a sesión de avaliación e cualificación correspondente á convocatoria ordinaria das materias anuais, segundo o apartado 2.1 desta circular.

2.4.- Convocatoria extraordinaria en materias cuatrimestrais.

As materias cuatrimestrais non superadas polo alumnado nas convocatorias ordinarias, tanto no primeiro coma no segundo cuatrimestre do curso, poderán ser superadas na convocatoria extraordinaria mediante as probas que ao efecto se establezan, seguindo o criterio e procedemento expostos no punto 2.2. desta circular.

A sesión de avaliación e as datas de cualificación destas materias nesta convocatoria extraordinaria coincidirán coa sesión de avaliación e cualificación establecida para a convocatoria extraordinaria nas materias anuais, establecida no apartado 2.2 desta circular.

2.5.- Avaliacións e cualificacións parciais.

A ECRBBCC, ao abeiro da autonomía pedagóxica que se lle recoñece nos artigos 2.3 e 9 do Real Decreto 635/2.010, do 14 de maio, poderán establecer avaliacións parciais das materias anuais do 1º curso dos estudos de Grao en CRBBCC. Neste caso, a avaliación parcial estará contemplada na programación de aula da materia, e acordada polo equipo docente dos estudos de Grao en CRBBCC.

A avaliación parcial terá valor informativo para o/a alumno/a e será levada a cabo polo/a docente que imparta a materia.



2.6.- Recuperación das materias non superadas.

No prazo que media entre a publicación da cualificación final das materias cuadrimestrais que se desenvolven no segundo cuadrimestre e a realización da proba extraordinaria para cada materia do 1º curso dos estudos de Grao en CRBBCC manterase o mesmo horario de clases e actividades académicas para que aqueles/as alumnos/as que non superasen a materia na convocatoria ordinaria poidan realizar tarefas de recuperación ou preparación definidas polo/a docente da mesma e coa súa presenza, cara a presentación do alumno/a á/ás proba/s extraordinaria/s.

2.7.- Reclamación en contra das cualificacións finais.

Coa finalidade de garantir o dereito a unha avaliación e cualificación obxectiva do seu rendemento académico, o alumnado desconforme coa cualificación recibida na avaliación final dunha materia, tanto de carácter anual como cuadrimestral, poderá reclamar en contra da mesma, en escrito dirixido á dirección da ECRBBCC, cando consideren que se teña producido inadecuación dos obxectivos, dos contidos ou do nivel dos mesmos na materia sometida a avaliación ou da proba realizada, que os criterios de avaliación foran incorrectamente aplicados ou se teñan producido erros ou defectos de carácter administrativo ou académico que determinen falta de obxectividade no proceso de avaliación e cualificación.

Dita reclamación será presentada polo/a alumno/a nos dous días hábiles seguintes ao da publicación da cualificación obxecto de reclamación.

A dirección da ECRBBCC resolverá sobre a mesma no prazo de catro días hábiles contados a partires do seguinte ao da recepción da mesma e oído o equipo docente da especialidade. Neste prazo inclúese a data de comunicación da resolución ao/á alumno/a.

No caso de que o informe do equipo docente determine a modificación da cualificación do/a alumno/a, e este/a non manifestase a súa desconformidade, a dirección da ECRBBCC ordenará a rectificación de dita cualificación na acta de avaliación e en cantos documentos académicos fose preciso.

Unha vez comunicada ao/á alumno/a a resolución da dirección en relación a súa reclamación, este/a disporá dun día, contado a partir do da entrega da dita resolución para comunicarlle á dirección da ECRBBCC a súa desconformidade coa mesma, en cuxo caso, a dirección remitirá de xeito inmediato, á Xefatura Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria correspondente, todo o expediente relativo á reclamación, con cantas probas, informes e documentación teñen relación coa mesma.

A xefatura territorial, previo informe dos servizos de inspección, resolverá o que proceda no prazo de cinco días hábiles.

A resolución da xefatura territorial poñerá fin á vía administrativa sobre a reclamación presentada.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano
15781 – Santiago de Compostela

3.- DOCUMENTOS DE AVALIACIÓN.

En tanto non se regulen os documentos de avaliación propios das ensinanzas de grao que substitúan aos actualmente en uso, os centros manterán este últimos, coas modificacións e adaptacións necesarias. O suplemento europeo ao título, será obxecto de regulación específica.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2011.

O director xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa



Assin.: José Luis Mira Lema